

## ACTA

Da sesión **constitutiva** da Corporación Provincial.

**6 de xullo de 2023**

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día seis de xullo de dous mil vinte e tres, reuníronse as/os Señor@s electos Don Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), Don Roberto José Álvarez Carrero (PP), Dona María Sandra Bastos Álvarez (PP), Dona María Nava Castro Domínguez (PP), Dona María Isabel Couselo Torres (PP), Don Jorge Cubela López (PP), Don Rafael Domínguez Artime (PP), Dona Marta María Fernández-Tapias Núñez (PP), Don Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), Don Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), Don Marcos Guisasaola Padín (PP), Dona Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), Don Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), Dona Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), Don José Carlos López Campos (PP), Don Luis López Diéguez (PP), Don Carlos López Font (PSdeG-PSOE), Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), Dona Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), Dona María Ortega Iñarrea (BNG), Dona María Pilar Ramallo Vázquez (PP), Dona Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), Dona María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), Dona Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), Don Javier Tourís Romero (PP), Don Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión constitutiva da Corporación Provincial, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay.

### 1.8016.- **PUNTO ÚNICO. CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E ELECCIÓN DA/O SÚA/SEU PRESIDENTA/E**

Sr. Secretario.- Buenos días. Vamos a dar comienzo a la sesión constitutiva de esta Diputación Provincial y a la elección de su Presidente resultante de las elecciones locales celebradas el pasado 28 de mayo y que fueron convocadas mediante Real Decreto 207/2023, de 3 de abril, dando con ello cumplimiento a lo dispuesto en los arts. 207 de la Ley Orgánica 5/1985, de 17 de junio, de Régimen Electoral General y 57 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de



noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales (ROF).

De conformidad con las actas de proclamación de Diputados provinciales efectuadas por las siete Juntas Electorales de Zona de la Provincia, en base al reparto de los 27 diputados previamente establecido por la Junta Electoral Provincial en su sesión del pasado 14 de abril, y según el orden de recepción de las correspondientes actas en esta Diputación y asimismo en el orden en que aparecen mencionados los diferentes partidos en las mismas, resulta:

<u>POR EL PARTIDO JUDICIAL DE LALÍN (1 DIPUTADO)</u>	
Partido Popular (PP):	
	Luís López Diéguez

<u>POR EL PARTIDO JUDICIAL DE TUI (3 DIPUTADOS)</u>	
Partido Popular (PP):	
	Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
	Roberto José Álvarez Carrero
Bloque Nacionalista Galego (BNG):	
	Beatriz Lomba Rodríguez

<u>POR EL PARTIDO JUDICIAL DE VIGO (11 DIPUTADOS)</u>	
Partido Socialista (PSdeG-PSOE):	
	Carlos López Font
	Ana María Mejías Sacaluga
	Ana Laura Iglesias González
	Nuria Rodríguez Rodríguez
	Gorka Gómez Díaz
	Digna Rosa Rivas Gómez
	Carlos Gómez Prado
Partido Popular (PP):	



	Marta María Fernández-Tapias Núñez
	Jesús Vázquez Almuíña
	María Sandra Bastos Míguez
Bloque Nacionalista Galego (BNG):	
	María Manuela Rodríguez Pumar

<u>POR EL PARTIDO JUDICIAL DE CAMBADOS (3 DIPUTADOS)</u>	
Partido Popular (PP):	
	Javier Tourís Romero
	Marcos Guisasola Padín
Partido Socialista (PSdeG–PSOE):	
	Javier Iglesias Mougán

<u>POR EL PARTIDO JUDICIAL DE PONTEAREAS (1 DIPUTADO)</u>	
Partido Popular (PP):	
	María Nava Castro Domínguez

<u>POR EL PARTIDO JUDICIAL DE A ESTRADA (1 DIPUTADO)</u>	
Partido Popular (PP):	
	José Carlos López Campos

<u>POR EL PARTIDO JUDICIAL DE PONTEVEDRA (7 DIPUTADOS)</u>	
Partido Popular (PP):	
	Rafael Domínguez Artime
	Jorge Cubela López
	María Pilar Ramallo Vázquez



	María Isabel Couselo Torres
Bloque Nacionalista Galego (BNG):	
	Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo
	María Ortega Iñarrea
Partido Socialista (PSdeG-PSOE):	
	Gregorio Luís Agís Gómez

Pasamos pues a continuación a los distintos subepígrafes del orden del día.

### 1. CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE

Sr. Secretario.- En cumprimento do disposto nas disposicións anteriormente citadas, esta sesión constitutiva estará presidida por unha Mesa de Idade que está composta por Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo deputado electo de maior idade, que vai a presidir a mesma, acompañado por Ana Laura Iglesias González deputada electa de menor idade.

Ruego por favor que vengan a presidir la sesión.

### 2.- COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS E ACREDITACIÓN DA PERSONALIDADE DAS/OS ELECTAS/OS

Sr. Presidente da Mesa de Idade (Sr. Mosquera Lorenzo).- Moi bo día. Declárase aberta a sesión. Bueno, como sabedes aquí estase para ler o que di o Secretario. Vamos a lelo. Comprobación de credenciais e acreditación da personalidade das/os electas/os. Sr. Secretario.

Sr. Secretario.- Si, faise constar que as credenciais acreditativas da elección dos deputados foron recibidas na Secretaría Xeral e cotexadas por min. Cumprindo o previsto no art. 75.7 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, presentaron as declaracións sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos e dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, e así mesmo, as liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades. Todo iso así consta no expediente baixo a miña custodia.



### **3.- CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN PREVIO XURAMENTO OU PROMESA DAS/OS DEPUTADAS/OS ELECTAS/OS**

Sr. Presidente da Mesa de Idade (Sr. Mosquera Lorenzo).- Vale. Pois vamos agora á constitución da Corporación previa promesa ou xuramente das/os Deputadas/os electas/os. Sr. Secretario.

Sr. Secretario.- De conformidade co art. 108.8 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, “No momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como cumprimentar os demais requisitos previstos nas leis ou regulamentos respectivos”, establecendo o art. 1 do Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, a fórmula de xuramento ou promesa en cargos e funcións públicas.

Sr. Presidente da Mesa de Idade (Sr. Mosquera Lorenzo).- Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado provincial con lealdade a o Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

*Escóitanse aplausos.*

Sr. Secretario.- Ahora iré llamando a los demás diputados para que prometan o juren el cargo y luego pasan por el Presidente para entregarles la insignia. Gregorio Luis Agís Gómez.

Don Gregorio Luis Agís Gómez.- Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputado Provincial con lealdade a o Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

*Escóitanse aplausos.*

Sr. Secretario.- Roberto José Álvarez Carrero.

Don Roberto José Álvarez Carrero.- Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputado Provincial con lealdade a o Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.



*Escóitanse aplausos.*

Sr. Secretario.- María Sandra Bastos Míguez.

Dona María Sandra Bastos Míguez.- Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputada Provincial con lealdade a o Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

*Escóitanse aplausos.*

Sr. Secretario.- María Nava Castro Domínguez.

Dona María Nava Castro Domínguez.- Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputada Provincial con lealdade a o Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

*Escóitanse aplausos.*

Sr. Secretario.- María Isabel Couselo Torres.

Dona María Isabel Couselo Torres.- Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputada Provincial con lealdade a o Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

*Escóitanse aplausos.*

Sr. Secretario.- Jorge Cubela López.

Don Jorge Cubela López.- Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputado Provincial con lealdade a o Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado así como as disposicións do Estatuto de Autonomía de Galicia.

*Escóitanse aplausos.*

Sr. Secretario.- Rafael Domínguez Artime.



Don Rafael Domínguez Artime.- Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputado Provincial con lealdade a o Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

*Escóitanse aplausos.*

Sr. Secretario.- Marta María Fernández-Tapias Núñez.

Dona Marta María Fernández-Tapias Núñez.- Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputada Provincial con lealdade a o Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado e o Estatuto de Autonomía.

*Escóitanse aplausos.*

Sr. Secretario.- Gorka Gómez Díaz.

Don Gorka Gómez Díaz.- Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputado Provincial con lealdade a o Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

*Escóitanse aplausos.*

Sr. Secretario.- Carlos Gómez Prado.

Don Carlos Gómez Prado.- Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputado Provincial con lealdade a o Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

*Escóitanse aplausos.*

Sr. Secretario.- Marcos Guisasola Padín.

Don Marcos Guisasola Padín.- Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputado Provincial con lealdade a o Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

*Escóitanse aplausos.*



Sr. Secretario.- Ana Laura Iglesias González.

Dona Ana Laura Iglesias González.- Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputada Provincial con lealdade a el Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

*Escóitanse aplausos.*

Sr. Secretario.- Javier Iglesias Mougán.

Don Javier Iglesias Mougán.- Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputado Provincial e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

*Escóitanse aplausos.*

Sr. Secretario.- Beatriz Lomba Rodríguez.

Dona Beatriz Lomba Rodríguez.- Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente coas obrigas do cargo de Deputada Provincial e por imperativo legal prometo gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado. Así mesmo comprométome a defender os intereses xerais do pobo galego e os dereitos nacionais da Galiza.

*Escóitanse aplausos.*

Sr. Secretario.- José Carlos López Campos.

Don José Carlos López Campos.- Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputado Provincial con lealdade a o Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

*Escóitanse aplausos.*

Sr. Secretario.- Luis López Diéguez.

*Escóitanse aplausos.*





Don Luis López Diéguez.- Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputado Provincial, con lealdade a o Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

*Escóitanse aplausos.*

Sr. Secretario.- Carlos López Font.

Don Carlos López Font.- Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputado Provincial con lealdade a o Rey e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

*Escóitanse aplausos.*

Sr. Secretario.- Manuel Alejandro Lorenzo Alonso.

Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso.- Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputado Provincial con lealdade a o Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

*Escóitanse aplausos.*

Sr. Secretario.- Ana María Mejías Sacaluga.

Dona Ana María Mejías Sacaluga.- Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputada Provincial con lealdade a o Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

*Escóitanse aplausos.*

Sr. Secretario.- María Ortega Iñarrea.

Dona María Ortega Iñarrea.- Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente coas obrigas do cargo de Deputada Provincial e por imperativo legal prometo gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado. Comprométome a defender os intereses xerais do pobo galego, nomeadamente das mulleres, da mocidade e da clase traballadora e os dereitos



nacionais da Galiza. Comprométome tamén a honrar a memoria das vítimas da represión franquista e ás súas familias. Grazas.

*Escóitanse aplausos.*

Sr. Secretario.- María Pilar Ramallo Vázquez.

Dona María Pilar Ramallo Vázquez.- Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputada Provincial, con lealdade a o Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

*Escóitanse aplausos.*

Sr. Secretario.- Digna Rosa Rivas Gómez.

Dona Digna Rosa Rivas Gómez.- Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputada Provincial con lealdade a el Rey guardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

*Escóitanse aplausos.*

Sr. Secretario.- María Manuela Rodríguez Pumar.

Dona María Manuela Rodríguez Pumar.- Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente coas obrigas do cargo de Deputada Provincial e por imperativo legal prometo gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado. Así mesmo comprométome a defender os intereses xerais do pobo galego e os dereitos nacionais da Galiza.

*Escóitanse aplausos.*

Sr. Secretario.- Nuria Rodríguez Rodríguez.

Dona Nuria Rodríguez Rodríguez.- Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputada Provincial con lealdade a o Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

*Escóitanse aplausos.*

Sr. Secretario.- Javier Tourís Romero.



Don Javier Tourís Romero.- Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputado Provincial con lealdade a o Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

*Escóitanse aplausos.*

Sr. Secretario.- Jesús Vázquez Almuíña.

Don Jesús Vázquez Almuíña.- Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputado Provincial con lealdade a o Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

*Escóitanse aplausos.*

Sr. Presidente da Mesa de Idade (Sr. Mosquera Lorenzo).- Bueno, cumprido por todas as deputadas e deputados electas/os o requisito de acatamento á Constitución, esta Presidencia declara persoadas/os nos seus cargos a todas/os elas/es, quedando así constituída a Corporación Provincial de Pontevedra. Sr. Secretario.

Sr. Secretario.- Está incorporada ó expediente, segundo o disposto no art. 56.2 do ROF, a documentación relativa ó arqueo, os xustificantes das existencias en metálico e valores propios da Corporación, así como a documentación relativa ó Inventario de bens e dereitos.

Sr. Presidente da Mesa de Idade (Sr. Mosquera Lorenzo).- Queda claro que esta Deputación é rica, ¿non?, segundo iso, vale.

#### **4.- PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS**

Sr. Presidente da Mesa de Idade (Sr. Mosquera Lorenzo).- Seguimos logo. Presentación de candidaturas. Solicítase ós distintos grupos políticos que propoñan candidata/o á Presidencia desta Deputación e, polo BNG non vai haber candidato, polo PSOE non vai haber candidato, polo Partido Popular Luis López Diéguez.

Polo Bloque Nacionalista Galego: Non presenta candidatura.



Polo Partido Socialista de Galicia–PSOE: Non presenta candidatura.

Polo Partido Popular: Don Luis López Diéguez.

Sr. Presidente da Mesa de Idade (Sr. Mosquera Lorenzo).- Entonces, os distintos grupos poden ter un turno de intervención, ¿non?, que asociado con eso eu agora vou facer de dobre, vou intervir en nome do meu grupo. Non presentamos candidatura porque a aritmética, os resultados ou as contas son as que son, e todo o que podemos dicir e reitero é que a nova Presidencia, o novo goberno pois teña os maiores éxitos, que sigan mellorando, resolvendo os problemas desta Diputación e desta Provincia e que conte coa nosa colaboración para ese fin sen ningún, vamos, sen ningunha limitación e sen ningún condicionante previo. As contas son as que son e todo o que podemos facer e creo que debemos facer é desexarlle o mellor. Non sei como estás da espalda pero se non estás ben esta cadeira vaina cambiando, ¡eh!, senón vas a sufrir, agardo que esteas ben senón a asociación pode ser francamente desagradable, asegúrocho por experiencia. Ben, non nos vamos a estender que non se trata deso, polo tanto ten a palabra Sr. López Font, vamos a ver.

*Escóitanse aplausos.*

Sr. López Font.- Señoras Diputadas provinciais e Diputados provinciais, buenos días a todas y a todos. Saludamos desde nuestro grupo a todas las autoridades civiles y militares que nos acompañan, y la singularización la remito al Presidente de la Xunta y por supuesto a los alcaldes y alcaldesas, concelleiras e concelleiros. En primer lugar, queremos manifestar desde nuestro grupo el reconocimiento del resultado electoral que tiene como consecuencia el Pleno que acabamos de constituir, esto es la democracia y nosotros siempre somos respetuosos con la democracia cuando gobernamos y también cuando estamos en la oposición. La configuración de este Pleno que acabamos de constituir se corresponde, evidentemente, con la legalidad, cierto es y a todos nos parece un sistema peculiar de elección; no me equivoco seguro al decir que todos lo hemos expresado en alguna ocasión. El reconocimiento de los resultados debe de ir acompañado por un análisis, a nuestro entender, cualitativo de los votos electorales del 28 de mayo, el voto directo a las 2 formaciones políticas que hemos gobernado en los 2 últimos mandatos y que continuaríamos gobernando no se corresponde con nuestra representación aquí. Recordar que PSOE más BNG obtuvieron un total de 256 mil votos en la provincia, Partido Popular obtuvo 185 mil votos y es fácil deducir como sería este Pleno si votásemos en



una urna directa. Esta aritmética, que decía el Sr. Mosquera anteriormente, a nuestro entender debe de hacer reflexionar al gobierno que se constituya, porque durante 8 años 2 formaciones políticas hemos sumado desde el progresismo, la igualdad entre concellos y la transparencia como bandera. Creemos que no se debe olvidar el mapa resultante de los votos que sin lugar a dudas refrenda lo realizado en los 2 mandatos anteriores. Estamos ante un gobierno, ante un cambio de gobierno, perdón, especial a nuestro entender y distinto a otros cambios, desde luego, muy diferente al que protagonizamos aquí en 2015. En 2015 se entregaba un gobierno con desigualdades importantes entre los concellos, en muchos casos estas desigualdades eran extremas, nadie lo podía negar en aquel momento ni tampoco lo puede negar hoy 8 años después, era el gobierno, así estaba en el presupuesto, de la libre disposición y de la nula transparencia. Hoy democráticamente en 2023 entregamos un gobierno con una gestión no cuestionada, con una actuación que ha hecho real la igualdad entre los 61 concellos de la provincia, los pequeños, los medianos, los grandes y el más grande; y ha sido así con 2 instrumentos legales que han permitido la equidad absoluta entre todos los concellos, uno, el Plan Concellos, y otro los convenios con las ciudades de Pontevedra y Vigo. Un Plan Concellos que ha ido creciendo económicamente y que conviene resaltar hoy que permite 3 líneas: Infraestructuras, creación de empleo y actuaciones de todo tipo como todas ustedes conocen. En suma, ha sido un modelo de consenso, un modelo aceptado por todos, por los 59 concellos más Pontevedra y Vigo. Los alcaldes y alcaldesas siempre se manifestaron a favor de este modelo, nadie nunca pidió una vuelta al modelo anterior a pesar de que en este Pleno lo hemos preguntado en reiteradas ocasiones. Antes hablaba de transparencia y la ligo con estos 2 instrumentos porque estos 2 instrumentos son conocidos y públicos, respetan la igualdad y la equidad entre los concellos, garantizan la total autonomía de los concellos en sus decisiones y si tienen un factor corrector es en favor de los concellos pequeños. Todo lo anterior, que he dicho, se ha reflejado en 8 ejercicios presupuestarios, estos 2 instrumentos son a nuestro entender la columna vertebral pero también acompañados de 8 planes extraordinarios que, reconocido por todo el mundo, han permitido infraestructuras y actuaciones que nunca hubieran podido realizar la mayoría de los concellos con su propio presupuesto. Ocho ejercicios presupuestarios que nos han colocado, y sigo con la transparencia, como líderes en transparencia, esta Diputación hoy es y ocupa el primer puesto en transferencias directas a los concellos, con un 34,37% de su presupuesto directamente a los concellos; la media estatal, creo que lo saben, es del 17,68% y hay diputaciones cercanas que no llegan ni al 4%, no son datos míos, son datos



oficiales del Ministerio de Hacienda. Pero también tenemos el reconocimiento por el Tribunal de Cuentas de España, en la evaluación de transparencia de las diputaciones Barcelona y Pontevedra son, según el Tribunal de Cuentas del Estado Español, las más transparentes, a mayores el Consello de Contas de Galicia evaluó los estándares de calidad de transparencia de las 4 diputaciones y dictaminó que éramos la única diputación de las 4 que cumplía todas, esto ha sido complementado con ser punta de lanza en la Federación Española de Municipios y Provincias. Esta columna vertebral, como decía, también ha sido acompañada de actuaciones directas en los concellos, en políticas de igualdad hoy la Diputación de Pontevedra es el mejor proyecto de igualdad de todo el Estado Español, lo decimos nosotros pero también nos lo dicen los que trabajan en este campo. Ha sido, han sido las políticas de igualdad bandera del gobierno saliente en la lucha por los derechos de la mujer, queriendo sentar las bases para una sociedad igualitaria. En políticas de movilidad hemos apostado por una movilidad segura, sostenible e inclusiva en las carreteras provinciales, con una mejora muy importante de la red provincial, en suma una movilidad pensada para las personas. En gestión de residuos, una política pionera que ha preparado a los concellos para las exigencias en reciclaje. En turismo, una política turística de excelencia convirtiendo a nuestra provincia en un destino líder en calidad y también la defensa de nuestro patrimonio. En medio ambiente y en medio natural hemos hecho una apuesta decidida por apoyar al sector primario. En deportes, un plan estratégico de deportes ha permitido el desarrollo de muchos programas acordados con los propios colectivos deportivos. En cultura, asociada al Museo de Pontevedra, hoy se puede afirmar categóricamente que el Museo de Pontevedra es más Museo Nacional de Galicia, con Santa Clara como logro de la recuperación de la historia de Pontevedra y ampliación del Museo. Pero también hemos apoyado al sector empresarial, al emprendimiento y al fomento del empleo Smartpeme y los Viveiros de Barro y Lalín han sido los ejes fundamentales de estas políticas. Hemos extendido el apoyo a los concellos en la captación de fondos europeos aprovechando, precisamente, los fondos europeos, sin olvidarnos de las políticas de juventud, cohesión social, memoria histórica y cooperación transfronteriza entre otros. No presentamos candidatura, somos conscientes de la realidad, nuestra candidatura es nuestro legado, el que se materializó en un traspaso de poderes que consideramos obligado, pero permítannos decir que lo consideramos como ejemplar. Con un documento de muchas páginas, dicen que 300, que refleja la foto real de los 27 servicios, este cambio histórico que se ha producido entre 2015-2023 en esta Diputación no tiene marcha atrás, esta frase se la he oído a muchos alcaldes y alcaldesas de todos los partidos en estos últimos años, no poder dar marcha atrás obliga al nuevo gobierno provincial, en lo básico, a ser continuista. Para nosotros hoy el Plan



Concellos, para 59, y los convenios de Pontevedra y Vigo unidos a todas las políticas sectoriales desarrolladas, son un derecho adquirido de los concellos, y esta es la afirmación política más importante que queremos hacer en el día de hoy. Derechos adquiridos sí y con mayúsculas, después de alcanzar los concellos la mayoría de edad, después de hacer efectiva cada uno de los concellos su capacidad de decisión, sin tutelas de esta Diputación ni de ningún gobierno anterior o posterior. Este Grupo Provincial Socialista de 9 diputados y diputadas lo formamos la alcaldesa del 4º municipio de la provincia de Pontevedra, con 4 años de experiencia en gobierno en esta Diputación; lo formamos 5 concejales con tareas de gobierno en la ciudad con más población de la provincia, con gestión de gobierno allí y también con gestión de gobierno acumulada aquí; también lo forman 2 concejales, uno ha sido alcalde y otro ha sido teniente de alcalde, y un concejal que el mismo se define como el recién llegado y que aporta la máxima ilusión. Un grupo provincial que ejercerá de garante de esos derechos adquiridos por los concellos. El Partido Socialista es un partido con vocación de gobierno para mejorar la calidad de vida de los representados en cada ámbito. El Partido Socialista ha demostrado desde la instauración de la democracia que sabemos gobernar, en solitario y en coalición, como lo hemos hecho aquí durante 8 años, pero también, y hoy nos toca y lo asumimos, sabemos ser oposición. Voy concluyendo, para manifestar el compromiso de este grupo provincial con el conjunto de la provincia, deseamos lo mejor para los concellos, ustedes, el próximo gobierno, están obligados como gobierno a hacerlo posible, nosotros como oposición a exigirlo. No damos cheques en blanco, porque no son aconsejables; estaremos desde hoy hasta el día que finalice la corporación en contra de cualquier discriminación, los criterios objetivos deben de ser la norma, es decir, el modelo actual, el trato ha de ser igual para todos porque forma parte de la dignidad de cada uno de los concellos, el modelo de igualdad entre concellos y la transparencia serán, dicho como se debe y donde se debe de decir, aquí nuestras líneas rojas, nos corresponde y así lo asumimos la tarea de vigilancia de que esto se cumpla. Alcaldesas, alcaldes, concelleiras y concelleiros de la provincia tenéis el compromiso de este grupo provincial de defender aquí la igualdad y la equidad de la que hoy afortunadamente gozáis. Muchas gracias.

*Escóitanse aplausos.*

Sr. Presidente da Mesa de Idade (Sr. Mosquera Lorenzo).- Polo Partido Popular.



Sr. López Diéguez.- Bo día a todos, bo día a todos e moitas grazas por asistir a este Pleno de Constitución e toma de posesión da nova Corporación Provincial da Deputación de Pontevedra. Quero agradecer especialmente a presenza do Presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, dos conselleiros do goberno galego, dos alcaldes, alcaldesas, concelleiras, concelleiros dos 61 concellos da provincia e tamén agradecer a presenza de moitos representantes da vida económica, social, cultural, veciñal, deportiva, de toda índole da provincia de Pontevedra. Como consecuencia do resultado das eleccións do pasado 28 de maio o Partido Popular obtivo a maioría absoluta na representación desta cámara provincial a través dos cargos electos dos 7 partidos xudiciais que a conforman, estou a falar de Vigo, Pontevedra, Cambados, Tui, Pontearreas, Lalín e a Estrada. O Partido Popular gañou as eleccións municipais e foi a forza máis votada na provincia de Pontevedra e a formación política que goberna en maior número de concellos tras a constitución das corporacións municipais do pasado 17 de xuño. Somos o único partido con representantes provinciais procedente dos 7 partidos xudiciais de Pontevedra e gañamos con maioría absoluta de representantes en 6 deles. Por elo e como forza maioritaria desta cámara provincial correspóndenos gobernar a Deputación de Pontevedra durante os vindeiros 4 anos. Somos un partido con vocación de servizo público e de goberno, que dirixiu esta Institución durante 32 anos, entre 1983-2015, pero que tamén atendeu a todos os cidadáns da provincia desde a oposición nos 2 derradeiros mandatos. Sen embargo os veciños e veciñas determinaron coa eleccións dos seus concelleiros e concelleiras o pasado 28 de maio que querían un cambio na xestión e no modelo político, e por iso outorgáronos a confianza maioritaria para volver a rexer os destinos desta Institución. E presentámonos a este Pleno de toma de posesión e constitución cos deberes feitos, cun equipo de goberno moi potente, con xente con liderado, capacidade de traballo, coñecemento político e cercanía social. Presentámonos con toda a humildade, cun proxecto transversal e global para a provincia de Pontevedra, baseado e centrado nos 61 concellos, que para nós son o eixo de todo e as administracións que outorgan todo o sentido á Deputación de Pontevedra. Os concellos son a alma desta Institución e a eles e por eles dirixiremos toda a nosa acción de goberno. E con esta liña de traballo quero agradecer a confianza que depositaron en min os meus compañeiros e compañeiras do Partido Popular para que opte, se o pleno de esta cámara así o considere, á presidencia dunha Institución tan importante como é a Deputación de Pontevedra. Sempre dixen e digo que nunca busquei protagonismos pero tampouco nunca fuxo das responsabilidades. E por elo, co apoio dos meus compañeiros, coa máxima humildade e vocación de servizo público, cun traballo, cun ánimo de traballo absoluto e coa intención de modernizar e acadar avances para a provincia centrados principalmente en axudar





ós concellos, e aumentar a calidade de vida dos pontevedreses, teño a ben presentar a miña candidatura á presidencia da Deputación de Pontevedra ante esta cámara. Agardo, porque así mo transmitiron e lle reitero o meu agradecemento, contar co respaldo de todos os representantes do Partido Popular e, tamén, con total humildade, gustaríame pedir a confianza dos deputados provinciais dos Grupos Socialista e do BNG. Teño a intención de gobernar esta Institución pensando e atendendo ós 61 concellos da provincia sen importar o signo do seu goberno político e centrándonos exclusivamente no benestar dos cidadáns da provincia. Sen máis, quero reiterar o meu máximo respecto e consideración ante esta cámara provincial pola acollida e dende este momento pónome á súa disposición como candidato á presidencia da Deputación de Pontevedra. Moitas grazas.

*Escóitanse aplausos.*

#### 5º.- ELECCIÓN DE PRESIDENTA/E, PROCLAMACIÓN E TOMA DE POSESIÓN

Sr. Presidente da Mesa de Idade (Sr. Mosquera Lorenzo).- Bueno, como último punto da orde do día vén a elección da Presidencia, proclamación e toma de posesión. Sr. Secretario.

Sr. Secretario.- De conformidade co artigo 102 do ROF o sistema normal de votación será a votación ordinaria, no suposto de que algún membro da corporación solicitara a votación nominal ou secreta para a elección de Presidente requirirase a previa aprobación polo Pleno en votación ordinaria. Por tanto, ao non solicitarse esta a votación será ordinaria a man alzada.

Sr. Presidente da Mesa de Idade (Sr. Mosquera Lorenzo).- ¿Votos a favor do candidato do Partido Popular? Catorce.

*Escóitanse aplausos.*

Por conseguinte ó ter obtido a maioría absoluta legal esixida polo artigo 207.2 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral de primeira votación queda proclamado Presidente Luis López Diéguez.

*Escóitanse aplausos.*



Sr. Presidente da Mesa de Idade (Sr. Mosquera Lorenzo).- Aínda che queda algo de traballo ¡eh!. Para dar cumprimento ó disposto no artigo 60.2 do ROF, tes que, deberá tomar posesión do seu cargo mediante a fórmula anteriormente empregada nesta sesión plenaria, volver a xurar ou prometer. Póus cara de sorprendido pero é así. Si, si pero agora como Presidente, en vez de deputado como Presidente.

Sr. López Diéguez.- Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Presidente Provincial con lealdade a o Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

*Escóitanse aplausos.*

*Incorpórase á mesa Presidencial o Sr. Interventor, Don Antonio Graña Gómez.*

Cumprido o anterior requisito, a Presidencia declara posesionado no seu cargo de Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra a Don Luis López Diéguez.

Sr. Presidente.- Bueno, moi bo día a todos e reitérovos o meu agradecemento pola vosa presenza neste solemne acto que marca o inicio dun novo mandato provincial da Deputación de Pontevedra para os vindeiros próximos 4 anos, e cuxa Corporación tivo a ben elixirme como Presidente, como novo responsable desta importante Institución, unha Institución que leva os 187 da súa historia apoiando ós concellos e ós que pertencemos os 27 membros desta Corporación e nos que radica a auténtica esencia deste organismo provincial. Asumo a presidencia da Deputación de Pontevedra como unha grandísima honra e co máximo orgullo, pero tamén con absoluta humildade e con toda a responsabilidade para estar á altura do que precisan os 61 concellos da provincia e os 943 mil cidadáns que residen na mesma. Efectivamente, esta mañán o Pleno da Corporación acaba de escollerme como Presidente, coas competencias e o compromiso que iso supón, pero eu son, como xa dixen, unha persoa que fuxe de protagonismos, que cre no equipo, no traballo conxunto e na colaboración como mellor xeito de facer política, polo que tendes en min un compañeiro máis, un membro desta Institución que como o resto traballará arreo polo avance, o progreso e o crecemento da provincia da man dos concellos. E quero comezar o capítulo de agradecementos polo Presidente da Xunta, Alfonso Rueda, que hoxe nos honra coa súa presenza, e ó que lle garanto desde esta presidencia e esta Institución a máxima lealdade, respecto e colaboración, tes o meu absoluto compromiso. Creo que é responsabilidade de ambas administracións, a provincial



e a autonómica, porque os cidadáns queren, os cidadáns esixen que falemos, que nos entendamos e que traballemos conxuntamente por eles. Admiten as discrepancias, as diferentes opinións, pero non queren leas nin enfrontamentos, piden colaboración e esixen solucións. Querido Presidente moitísimas grazas pola túa asistencia. E tamén o meu agradecemento ós demais membros da Xunta de Galicia que hoxe nos acompañan aquí o Conselleiro, Román Rodríguez e Julio Comesaña, e tamén ós Delegados Territoriais da Xunta de Galicia en Pontevedra e en Vigo, Agustín Reguera e Ana Ortiz, e por suposto ós expresidentes da Deputación de Pontevedra hoxe aquí presentes como César Mera e Rafael Louzán. E tamén quero expresar o meu agradecemento ás alcaldesas, alcaldes, concelleiras e concelleiros que hoxe ategan este salón de plenos en representación dos 885 cargos electos municipais que hai na provincia de Pontevedra. Eu quero agradecervos o voso traballo e a vosa vocación de servizo público, e quero tamén poñerme desde hoxe xa á vosa disposición plenamente aberto a colaborar con todos vós, con independencia das cores políticas, porque aquí o que queremos é sacar o mellor das 34 formacións políticas que teñen representación nas 61 corporacións municipais desta terra. E por suposto, quero referirme ós meus compañeiros do grupo provincial do Partido Popular, polo seu cariño e xenerosidade, e agradecerlles que se sumen a esta inxente tarefa de desenvolver un goberno provincial e, por suposto, tamén agradecementos aos demais integrantes municipais da miña formación política, os 414 concelleiros, grazas pola vosa confianza para desempeñar esta responsabilidade. E tamén non vou a esquecerme dos grupos Socialista e Nacionalista, que contan cunha importante presenza nesta cámara, e que me referirei posteriormente a eles. E tampouco me podó esquecer das decenas de representantes da vida política, xudicial, empresarial, militar, educativa, social, cultural, deportiva, turística, dos corpos de seguridade, dos medios de comunicación e de calquera outra índole da provincia de Pontevedra que hoxe están aquí neste acto histórico e que coa súa presenza enriquecen e fortalecen a normalidade democrática da provincia de Pontevedra e de Galicia. E para rematar o capítulo de agradecementos quero abordar dúas cuestións fundamentais na miña vida, unha de carácter territorial, Rodeiro e a miña xente, e outra de carácter personal, a referida a miña familia. E hoxe é un día importante na miña vida e quero reiterar publicamente unha vez mais o meu cariño e compromiso por Rodeiro, alí nacín, alí sinto o alento da xente e alí nesta lexislatura defenderei con moitísimo orgullo ós veciños na miña condición de concelleiro, eu quero agradecer a compañeiros da Corporación Municipal, da lista, de outros veciños, e deixarlle claro ó mundo que alí onde estea, na Deputación ou onde sexa, sempre teño presente a Rodeiro. E logo, á



miña familia e amigos, principalmente a Paula, Fiz e Mencía, que sempre me acompañan e que non teño palabras, nin xeito de agradecerlles, nin de devolverlles todo o que fan por min, o cariño e o apoio que me transmiten sempre de xeito incondicional e os sacrificios que teñen que asumir, que son, teño que dicilo, o único pero que ten a vocación de servizo público. De verdade, moitísimas, moitísimas grazas. (*Escóitanse aplausos*). E hoxe loxicamente non é o día para afondar na nosa futura de acción de goberno, aínda que está completamente deseñada, a falla de examinar pois o estado de todas as áreas, de todos os proxectos en marcha, e tamén das conta. Pero, si me gustaría deixar clara cal vai ser a nosa filosofía de actuación, que a ninguén se lle escapa que vai a ser consecuente coas nosas políticas municipais que son as máis representativas e coa que máis se identifican os cidadáns da provincia de Pontevedra, tal e como ditaminaron as urnas o pasado 28 de maio. Creo firmemente que para construír o futuro hai que ollar ó pasado, hai que manter a fortaleza dos cimentos desta Institución construída sobre todo nos 44 anos de democracia recente, hai que respectar o legado das corporacións anteriores e hai que potenciar todo o bo feito durante este tempo. E por iso quero ter unha lembranza especial para os Presidentes da Deputación de Pontevedra pertencentes ó actual período democrático, estou a falar de Federico Cifuentes, Mariano Rajoy, Fernando García, Xosé Cuiña, Cesar Mera, Manuel Abeledo, Rafael Louzán e Carmela Silva. Para todos eles o meu recoñecemento polo seu traballo e o meu compromiso de seguir buscando incansablemente o avance e o progreso da nosa provincia. E así, con un absoluto respecto ó pasado, que considero fundamental coñecer para poder construír un futuro mellor, a Deputación de Pontevedra vive hoxe un momento histórico despois de que os cidadáns, coa elección dos seus alcaldes e dos seus representantes nos concellos, decidiran que neste momento hai que abrir unha nova etapa, que hai que aplicar solucións diferentes e políticas distintas; basicamente este cambio vaise a orientar a unha acción de goberno pensada para os concellos e polos concellos. A Deputación de Pontevedra é o concello de concellos, a casa de todos os concellos e a eles nos debemos, e por elo unha das moitas cuestións que queremos mudar é a cercanía con todas as administracións locais da provincia de Pontevedra. Polo que teño a ben e a intención de visitar absolutamente todos os concellos, os 61, no prazo máis curto que me permitan loxicamente as obrigas do cargo e coa firme intención de facelo nos 6 primeiros meses de mandato. A nosa provincia leva décadas de desenvolvemento e crecemento, leva moito tempo sendo unha referencia e queremos que o siga sendo aínda máis se cabe pero queremos que o sexa a través dos concellos e dos cidadáns. Creo firmemente nunha Deputación ao servizo pleno dos concellos e que lle ceda o protagonismo total e absoluto ás administracións locais. E esta decisión de poñer aos 61 concellos da provincia no



centro de todo pódese percibir tamén na propia configuración do novo goberno provincial. Neste executivo hai 7 alcaldes e outros tantos concelleiros, algúns deles con responsabilidades nos seus gobernos locais e outros que exercen dende a oposición, e quero recalcar e destacar que a presenza dun 50% de alcaldes e alcaldesas no goberno provincial non é casual, supón un feito significativo e tradúcese nun cambio importante, que non quero que pase desapercibido, porque vai a supoñer unha lóxica variación no traballo e na xestión da Deputación de Pontevedra, a presenza de alcaldes e alcaldesas, ademais de pola súa indudable valía, capacidade de xestión e coñecemento do territorio, tamén supón un símbolo de que no novo goberno da Deputación queremos que o protagonismo sexa principalmente dos concellos, porque son as administracións ás que nos debemos e ás que temos que servir e atender, non podemos esquecer nunca que somos a casa dos concellos. A Deputación debe acompañalos, axudalos, estar o seu carón e resolverlle todas aquelas cuestións ás que eles non cheguen, porque esta cámara, os 27 representantes somos embaixadores e defensores dos concellos nesta casa, somos nin máis nin menos que os seus valedores, porque o eco da Deputación xurde sempre da voz dos concellos. Pero tamén debe de quedar claro que asumimos o goberno da Deputación de Pontevedra con total ánimo, con total humildade, perdón, e cun ánimo positivo e construtivo, non vimos a destruír nada, non somos así, pero si temos o dereito e a obriga de gobernar e facelo do mellor xeito que sabemos. E por suposto imos desenvolver esta responsabilidade dun xeito rotundo, respectando e potenciando o bo feito por todos os anteriores gobernos provinciais e corrixindo as cuestións que non funcionan ou que non dan resposta axeitada ás necesidades dos concellos e dos cidadáns; non vimos con ánimo revisionista, pero tampouco imos aceptar con total lealdade políticas e decisións contrarias ós nosos principios. E hoxe (*escóitanse aplausos*), e hoxe entramos nunha lexislatura decisiva para o futuro da provincia de Pontevedra, unha etapa na que teremos que afrontar os retos do futuro dun mundo que leva tempo en constante cambio e con unhas dinámicas que mudan a unha velocidade cada vez maior, e a todo elo teremos e queremos darlle resposta dende a Deputación de Pontevedra, pero cremos que temos que facelo cos concellos que terán nesta Institución o acompañamento, o apoio e o financiamento necesarios para atender á sociedade, porque si, porque cremos que os concellos temos que coidalos máis e desde este goberno provincial imos a tratar de coidalos, xa digo, máis. E os retos que debemos de afrontar teñen unha dobre vertente, porque ás veces o novo tende a substituír ao vello, eu creo que unha Institución tan potente como a Deputación de Pontevedra ten capacidade para non deixar ningunha responsabilidade atrás, a ninguén se lle escapa que a



Deputación, que na Deputación temos que traballar arreo, a prol da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, e imos a seguir dando pasos para que chegue máis cedo que tarde porque é unha necesidade imperiosa e irrenunciable para que teñamos unha mellor sociedade. A ninguén se lle escapa que imos ter que traballar a prol do medio ambiente e do coidado do planeta, porque as consecuencias do cambio climático, que ás veces parece que están moi lonxanas, xa as temos nesta terra cos primeiros avisos de ameaza da seca, por poñer algún exemplo dos efectos que isto provoca. E a ninguén se lle escapa que temos que apostar máis, e máis pola demografía, nun territorio cada vez máis embellecido, que precisa máis e mellores accións e políticas de conciliación para tratar de revertir esta situación. E a ninguén se lle escapa que temos que potenciar a nosa cultura e a nosa lingua, como sinais de identidade fundamentais para posicionarnos nun mundo cada vez máis global. Pero tampouco se lle escapa a ninguén que tamén temos que apostar pola promoción económica, a xeración de riqueza, o asentamento de empresas ou a creación de emprego, porque estamos a falar do motor que move a provincia e dos postos de traballo que permiten que cada cidadán poida desenvolver unha vida digna. Nin tampouco podemos deixar de lado o coidado, mellora, mantemento e investimento das nosas infraestruturas, dos nosos servicios públicos, que tantos anos levan funcionando, e nas nosas estradas como eixo de comunicación e mobilidade entre territorios. E tamén temos que traballar e recuperar os apoios ás asociacións e colectivos veciñais, sociais, musicais, culturais, deportivos, socio-sanitarios, porque nun mundo que tende á individualización creo que temos que seguir creando comunidade e potenciando as relacións, posto que son o eixo da condición humana. E tamén temos que seguir apostando, traballando e investindo en cuestións, que poden considerarse de vello, pero que nunca deixaron de estar presente nas nosas vidas e que temos que fortalecer porque forman parte da nosa forma de ser e de estar no mundo; e falo das políticas sociais, do turismo, do deporte, da cooperación, da xuventude, das relacións transfronteirizas, do medio rural, do mar, dun sinfín de cousas. Anteriormente referíame ó grupo provincial do Partido Popular e tamén me quero dirixir aos outros grupos desta cámara, o Partido Socialista e o BNG, que desempeñaron o goberno provincial durante os últimos 8 anos. Eu quero expresarles o meu recoñecemento polo traballo realizado nesta Institución, coma todos tiveron acertos, tiveron tamén erros, pero con independencia das diferencias ideolóxicas e de xestión que temos todos, que temos todas as forzas políticas e que enriquecen a democracia, eu creo que é de xustiza recoñecer o traballo, porque toda persoa que desempeña un cargo público, e ademais cando ten responsabilidades de goberno realiza un traballo importante, con moitos sacrificios, que convén e que creo que hai que destacar, por eso e por elo o meu agradecemento por esa labor. E tamén quero agradecer a Carlos Font e a César



Mosquera, en representación do anterior goberno provincial, e que hoxe volven de novo a adquirir a condición de deputados, o traballo realizado no traspaso de poderes, algo que considero fundamental para o axeitado funcionamento desta Institución. E de cara ó futuro eu quero pedirilles aos dous grupos da oposición que sigan traballando arreo pola provincia, que sigan facendo propostas e que sigan colaborando co desenvolvemento e progreso deste territorio. Creo que a labor da oposición, como demostrou o grupo Popular nestes 8 anos, é fundamental para que construíamos a provincia entre todos e sei que ambas formacións coas que temos diferencias pero tamén puntos en común, van seguir aportando e contribuíndo ó futuro da provincia e da Deputación. Tedes nesta presidencia, e neste goberno provincial a man absolutamente tendida, e un ánimo máximo de colaboración, eu sempre estarei disposto a sentarme, dialogar, escoitarvos e debater polo ben da provincia porque, como dixen ó principio, serei un compañeiro máis. E sei que chegaremos a acordos e que tamén haberá discrepancias, pero sei que teredes as mellores das vontades para que a Deputación de Pontevedra teña ata o ano 2027 a mellor lexislatura da súa historia. De antemán quero trasladarvos o meu agradecemento polo traballo dos próximos anos. E para rematar quero dirixirme ós traballadores da Deputación de Pontevedra, cónstame polos meus anos como alcalde e polo meu anterior período como deputado provincial que son uns magníficos profesionais e uns grandes servidores públicos. Eu creo que máis alá de quen goberna esta Institución eles son o corazón e os pulmóns desta casa e quero expresarlles o meu agradecemento polo seu traballo e amosarlles a miña absoluta confianza en que neste tempo novo van seguir sendo fundamentais para atender ós pontevedreses. E nada máis, moitas grazas pola confianza para este tempo novo e desde este momento pónome a absoluta disposición de todos en corpo e alma para entendervos e atendervos. Hoxe comeza un futuro esperanzador e agardo que o percorramos entre todos. Vémonos na provincia. Moitas grazas.

*Escóitanse aplausos.*

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as trece horas e trinta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará o Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

